

# Cóctel de amor explosivo

Jordi Sierra i Fabra logra engaiolar de novo a mocidade con 'A modelo descalza', unha novela de amor, acción e intriga

ESTHER DE LEÓN VILORIA  
USC/CRPIH

A dilatada e exitosa traxectoria de Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) na Literatura Infantil e Xuvenil débese fundamentalmente á súa gran capacidade creadora, á súa facilidade para converter historias que flúen na realidade cotiá en obras literarias cativadoras. Boa proba do seu talento para seducir o lectorado mozo é *A modelo descalza* (Editorial Galaxia, 2011), unha novela na que se mesturan con acerto doses de romanticismo con intrigas detectivescas.

Alexandra Galvany, Alexia, é a personaxe que nos introduce no polémico mundo da moda, presentado como unha contorna superficial e moi competitiva. A ela chega esta moza dunha vila de Lérida coa inxenuidade propia da súa idade intacta, que lle permite namorarse dunha maneira espontánea e sincera de Jon Boix.

O herdeiro da todopoderosa Paula Montornés, propietaria da revista *Zonas interiores* (máis coñecida como *Z. I.*), amosa unha abraiante precocidade na súa faceta profesional como xornalista, así como unha madurez impropia da súa idade para afrontar os numerosos riscos que deberá asumir para resolver o asasinato de Christian van Peebles.

O reencontro desta parella tras a súa ruptura prodúcese en circunstancias dramáticas derivadas da progresiva degradación de Alexandra, que se viu involucrada nunha espiral de



Serra i Fabra co seu último libro, 'El caso del loro que hablaba demasiado'. Foto: Efe



A obra 'A modelo descalza'

drogas e relacións afectivas igualmente "tóxicas" paralela ao seu entronizamento como *top model* indispensable. O que parecía un escándalo máis da fermosa malcriada tórnase nun caso a investigar pola policía e

polo intrépido xornalista de maneira extraoficial. Dalgunha maneira, co feito de descalzar metaforicamente a protagonista, a quen se amosa sobre todo a través dos ollos do seu namorado, demóstrase a falsidade das aparencias e afóndase nos sentimentos auténticos como valor en alza.

Estes trazos argumentais servirían para entender que unha das posibles razóns do éxito do escritor catalán non se corresponde tanto coa orixinalidade dos temas que trata coma coa maneira en que os manexa. Ademais de oficio e dominio da escrita, mostra un estilo dinámico e unha intensidade que incitan a unha lectura sen pausa, non exenta de invitacións a diversas reflexións sobre

o amor como forza vital determinante, as relacións paterno-filiais e a importancia do ámbito escolar como factor influente da personalidade, entre outras.

A capacidade para atrapar ao lectorado dunha maneira tan rotunda como logra o barcelonés é froito dun talento para narrar que empezou a desenvolver desde moi novo. Esa precocidade, que se observaba tamén no protagonista de *A modelo descalza*, xunto a súa experiencia como crítico musical e xornalista en revistas destinadas á mocidade, facilitan a súa empatía con este lectorado. Para eles escribe coa intención de axudarlles a construír soños con esforzo e ilusión.

leonviloria@hotmail.com